

A lingua galega na ESO

Nun informe recentemente publicado pola Mesa pola Normalización Lingüística sobre a lingua nos centros públicos de ensino secundario queda claro o impacto negativo para a nosa lingua da implantación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.

Destacando que centros que contan con EDIXGAL, o español ten garantido o 40,62% das horas lectivas, fronte ao 22,65% do galego e o 12,5% doutras linguas.

Onde están as avaliacións que marca o propio decreto -cada catro anos- de cara a comprobar os seus efectos e introducir a melloras ou cambios necesarios? Levamos 13 anos, é dicir 3 avaliacións non feitas.

Poderíase pensar que estamos ante outra negligencia da Xunta mais todo indica que esta política de eliminación paulatina de calquera presenza do galego nas aulas é intencionada e está perfectamente calculada.

Ligazón ao informe completo.

Oposicións: a Consellaría debe garantir o dereito das persoas aspirantes a unha avaliación xusta

Unha sentenza recente pon en cuestión a actuación dun tribunal de Danza Clásica por non ter publicados con anterioridade os criterios de avaliación. A CIG-Ensino sempre fixo fincapé na necesidade de que todas as persoas que participan nun proceso selectivo teña a garantía de que van ser avaliadas con obxectividade e con coñecemento previo dos criterios de avaliación e, cando sexa posíbel unha rúbrica. A Consellaría debe atender as

nosas propostas para que na orde de convocatoria das oposicións se fixe coa maior concreción as actuacións e os prazos que deben cumprir os tribunais.

Publicación da resolución do concurso excepcional de méritos

A Consellaría informa que ten previsto publicar o baremo provisional coas puntuacións por orde alfabética na segunda semana de abril.

Esa publicación non será de adxudicación de prazos senón para poder revisar a puntuación que obtén cada persoa e poder reclamar. Unha persoa que participa en varias especialidades aparecerá en todas elas, xa que a puntuación variará no apartado de experiencia docente. Só publicarán a puntuación das persoas que superan a nota de corte fixada polo logaritmo para entrar nesa baremación.

Reintegros individuais por formación

Non obtivemos resposta por parte da DX na última mesa e insistimos na nosa demanda de que se publique a orde e que se poidan solicitar os reintegros por gastos de formación desde que non se publica a orde.

Tamén insistimos en que se convoque a reunión da comisión de formación.

Convocatorias pendentes até final de curso

A Consellaría confirmou que non vai haber convocatoria de prazos de atención preferentes. Si se convocarán prazos de convenio, asesorías, CAFI e CFR.

Negociación do recoñecemento de funcións docentes (departamentos, coordinacións).

A Consellaría recoñeceu que era legalmente factíbel recoñecer aquelas funcións que a día de hoxe non teñen ese recoñecemento nin a nivel administrativo (redución horaria ou de puntuación) nin retributivo, como é o caso de igualdade, benestar, bibliotecas, xefaturas de departamento de ámbitos na FP Básica ou segundas linguas estranxeiras. A día de hoxe non fixo nada e a CIG-Ensino exige que se traia á Mesa.

O subdirector xeral de persoal indica que esa orde sería competencia da dirección xeral de ordenación.

Estadías formativas en empresas para profesorado de FP

Desde o ano 2020 eliminouse no texto da convocatoria das estadías formativas en empresas dirixidas ao profesorado de FP e das ensinanzas de artes plásticas e deseño a posibilidade de escoller unha empresa no estranxeiro. Todos os anos había algunha solicitude deste tipo e é unha demanda do colectivo docente poder seguir facéndoo. Agora xa non hai restricións de mobilidade derivadas da pandemia e non ten sentido manter esta limitación. En xeral para calquera familia profesional, é obvio que este tipo de estadías poden ser moi proveitosas para o profesorado polo que reclamamos que se incorporen.



Instrucións sobre a xestión das baixas médicas

Na pasada Mesa demandamos que a Consellaría publicara unha Circular con instrucións sobre os cambios que entrarán en vigor o 1 de abril.

Hoxe a Consellaría informou que non o fixo aínda porque están á espera de ver como se vai facer no conxunto da Xunta.

Pendente de confirmación, a pretensión da Xunta é a seguinte:

- O SERGAS emitirá unha información da baixa ao CIXTEC.
- O CIXTEC enviará aos centros a comunicación da baixa. O trámite desde a aprobación da baixa até a recepción nos centros non será superior a 24 horas.
- Esta medida afectará a todo o profesorado do Réxime Xeral da Seguridade Social e a aquel profesorado de MUFACE con prestación sanitaria no SERGAS. O profesorado de MUFACE con prestación privada terá que seguir tramitando as baixas como sempre.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal